


PONTEEMPREGO

PONTEEMPREGO É UN BOLETÍN DIXITAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA, NO QUE PODE CONSULTAR OU PUBLICAR OFERTAS DE TRABALLO E FORMACIÓN

EMPREGA O TEU
TALENTO



PONTEEMPREGO

Feira de Emprego de Pontevedra
25 e 26 xuño Pazo da Cultura



www.proxectoiles.es
<http://ponteemprego.wordpress.com/>

INDICE

SAÚDA PONTEEmprego

p. **03**

PROGRAMA

p. **04**

CONFERENCIAS E MESAS REDONDAS

p. **05**

OBRADOIROS DE MELLORA

p. **08**

BOLSA DE CONTRATACIÓN

p. **11**

OFERTAS DE EMPREGO PRIVADO

p. **12**

OFERTAS DE EMPREGO PUBLICO

p. **24**

OFERTAS DE NEGOCIO

p. **28**

FORMACION

p. **29**

BOLSAS

p. **34**

ILES DESTACA

p. **36**

SUBVENCIONS E NORMATIVA

p. **37**

EXPOSITORES

p. **38**

EMPRESAS COMPROMETIDAS CO
EMPREGO

p. **39**

PATROCINIOS

p. **40**



Carlota Román, concelleira de Promoción Económica, Emprego e Turismo

Un reto cheo de obstáculos para unha Administración local, como o Concello de Pontevedra, que carece de competencias e fondos en materia laboral

A Feira do Emprego de Pontevedra chega á súa terceira edición



© Carlos Fernández. DP

Xa non queda nada para a terceira edición da feira do Emprego de Pontevedra, que chega os días 25 e 26 de xuño no Pazo da Cultura. Uns meses antes do habitual porque, dende a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Turismo, decidimos buscar unha mellor posición no calendario para anticipármonos á campaña de contratación do verán.

Aínda que os concellos carecemos de competencias en materia de Emprego non podíamos quedar de brazos cruzados. Ademais, este ano foi especialmente difícil organizar esta feira porque os últimos cambios legais que modifican o funcionamento da Administración local reforzan as competencias exclusivas da Xunta de Galicia nesta materia. Súmenlle a falta de fondos específicos (as transferencias estatais e europeas van directamente á Xunta) e comprenderán a sucesión de obstáculos que tivemos que superar para chegar a esta terceira edición.

Sen embargo, aquí estamos outra vez. Volvemos a apostar moi forte pola formación e queremos seguir fuxindo de crear falsas expectativas, polo que tampouco imos recoller currículos en man. Queremos tratar aos solicitantes de emprego co máximo respecto, sen castígalos a facer colas que serven para pouco ou nada.

A feira estrutúrase ao redor de tres espazos complementarios: unha área expositiva, con *stands* de empresas e institucións; un programa de conferencias e unha ampla oferta de obradoiros formativos, que son o corazón dunha feira na que se agarda a participación de máis de mil persoas. Tendes toda a información na web www.proxectoiles.es.

Reforzamos aínda máis a peza central, que son os obradoiros de formación. Entrarán entre 15 e 25 persoas por sesión. O número total de prazas crece ata as 1.085, fronte ás 641 prazas da última edición, todo un esforzo loxístico que obriga a repetir varias as sesións, con duracións de entre 50 minutos a catro horas. Os participantes aprenderán contidos clásicos (elaboración de currículos, preparación de entrevistas...) pero tamén se introducirán na busca *online* de traballo, na montaxe dunha cooperativa, nas franquías ou no *coaching*.

Aínda que a asistencia á feira é gratuita, esíxese inscrición para os obradoiros. A concertación de entrevistas de traballo cómpre facela a través deste boletín informativo dixital PonteEmprego. Nesta edición especial publicamos a relación de postos de traballo que se ofertan na feira, incluíndo un correo electrónico de contacto de cada empresa.

Esta é unha iniciativa da Concellería de Promoción Económica que está dirixida especialmente aos parados, pero tamén a profesionais en activo en busca de novas oportunidades, emprendedores/as, xerentes de empresas, autónomos, inversores, titulados/as demandantes de primeiro emprego e estudantes. Quero tamén invitarvos á conferencia inaugural de PonteEmprego, posto que contamos cunha figura tan relevante como o escritor e xornalista Ernesto Ekaizer, quen falará da nova economía do estancamento, do crecemento sen crecer e das diferenzas entre os conceptos de pleno emprego e plena empregabilidade. O meu apoio, nestes momentos tan difíciles, a todos os que buscades traballo. Moita sorte.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

CONCELLERÍA DE
PROMOCIÓN ECONÓMICA
EMPREGO E TURISMO



Unión Europea
Fondo Social Europeo
"El FSE invierte en tu futuro"



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE HACIENDA
Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

Programa

Mércores 25 de xuño

09.00 h. Acreditación e entrega de material

09.30 h. Cerimonia de apertura III Feira de Emprego do Concello de Pontevedra: **PONTEEMPREGO 2014**

Carlota Román, concelleira de Promoción Económica, Emprego e Turismo

Plena empregabilidade Vs. Pleno Emprego. A economía do estancamento

Ernesto Ekaizer, escritor e xornalista

10.30 h. Relatorio. **Aprende a construír a túa marca persoal en Internet**

Javier Varela, director de Toctocmedia

11.30 h. Descanso

12.00 h. Relatorio. **Motiv-acción: a clave está no teu talento**

Ainhoa Mallo, economista e *coach* especialista en xestión de talento e internacionalización.

13.30 h. Descanso para comer

16.30 h. Relatorio. **Sal do paro xa!**

Mikah de Waart, experto en *Coaching* Profesional e Persoal

18.00 h. Descanso

18.30 h. Mesa redonda. **5 recomendacións para a busca de emprego**

20.00 h. Fin de xornada

Xoves 26 de xuño

09.00 h. Relatorio. **A Unidade Galicia Emprende: apoio integral para a túa idea empresarial**

Miguel Fidalgo, responsable do IGAPE zona Sur

10.00 h. Relatorio. **Procesos de selección: información e orientación**

Manuel González, director e fundador de Arach Consultores

Israel Villar, consultor de Arach Consultores

11.00 h. Descanso

11.30 h. Relatorio. **Súmate ao equipo Repsol**

José Ortuño, xerente de Planificación, Organización e Servizos de Repsol

Ruth Olivella, técnica de Planificación, Organización e Servizos de Repsol

12.30 h. Mesa redonda. **O mercado laboral: perfís profesionais máis buscados, especialidades con máis ofertas, tendencias de cara ao futuro**

13.30 h. Descanso para comer

16.30 h. Microrrelatorios. **Teño unha idea de negocio e agora, como podo financeira?**

- *Vías de financiamento, públicas e privadas*
Teresa Mariño, profesora da Escuela de Negocios Novacaixagalicia
- *Financiamento en tempos de crise: o capital risco, os business angels, o crowdfunding*
Juan Manuel Cividanes, director xeral de XesGalicia; **Gonzalo Garre**, profesor da Escuela de Negocios Novacaixagalicia
- *Acadar financiación é posible. Un exemplo real e local: Qubitia Solutions, gañador da edición 2013 do Premio Emprendedor XXI en Galicia.* **Luis Taboada**, CEO-Partner Qubitia Solutions

18.00 h. Descanso

18.30 h. Mesa redonda. **Todo o que sempre quixen saber sobre a franquía e nunca me atrevín a preguntar**

Nacho Cabaleiro, director xeral de Marko Franquicias

Francisco Abalde, socio de Auren Abogados

Antonio Hernández, director comercial de Color Plus

20.00 h. Fin de xornada

Conferencias e mesas redondas

PONTEEMPREGO constitúe tamén un espazo para fomentar o debate sobre o mercado de traballo e as ferramentas e recursos existentes para a busca de emprego, por iso ao longo dos dous días da feira terán lugar unha serie de conferencias e mesas redondas impartidas por cualificados profesionais.



O encargado de abrir o programa de conferencias o mércores 25 será o escritor e xornalista **Ernesto Ekaizer**, quen falará da nova economía do estancamento e das diferenzas entre os conceptos de pleno emprego e plena empregabilidade.

A continuación, o consultor en comunicación e mercadotecnia *online* de toctocmedia, **Javier Varela**, explicará a importancia de ter unha marca persoal



online, para que as características, habilidades profesionais e valores das persoas en busca activa de emprego destaquen e sexan visibles nun mundo cada vez máis conectado a través de Internet.

Nunha economía que está a estandarizar os procesos, homoxeneizando os produtos e convertendo os profesionais en "commodities" (mercadorías) é imprescindible diferenciarse e que se recoñeza o "valor engadido" que podemos achegar ás organizacións. A mellor forma de conseguilo é descubriendo e comunicando a nosa Marca. Nun mundo no que ninguén é imprescindible, ter unha Marca Persoal faite ser tido máis en conta porque es percibido como un profesional singular, único e cunhas características claras.



Precisamente, esta situación económica e social que estamos a vivir require tamén dunha elevada dose de enfoque da carreira profesional. Estar no noso talento lévanos á motivación e, polo tanto, á acción. Dun xeito práctico e partindo de ferramentas de *coaching* e programación neurolingüística (PNL), a economista e *coach* especialista en xestión de talento, **Ainhoa Mallo**, amosará os participantes a conectar co seu talento, mellorar as súas habilidades e fixar obxectivos para alcanzar a meta formulada, amais os pasos a seguir para enfocarse laboralmente con éxito. Neste sentido, abordará temas como as pautas para a fixación do obxectivo, a conexión coa motivación persoal = talento, ou os primeiros pasos do plan de acción.



Xa pola tarde, o experto en motivación laboral **Mikah de Waart** brindará algunhas ideas, ferramentas e unha estratexia firme para saír do paro. Consultor e relator de recoñecido prestixio internacional, Mikah posuía, aos 30 anos, todo o que quería: era director xeral dunha multinacional en Holanda, tiña unha relación sentimental, unha casa bonita e uns ingresos altos. Porén, nun par de meses, quedou sen casa, sen muller, sen traballo e sen diñeiro. Destrozado, non sabía como saír da situación ata que realizou o seu primeiro *collage* e en menos dun ano, de súpeto vivía na praia en España, gañando o dobre, facendo un traballo que lle gustaba moito máis, vivindo unha relación feliz e mellorando a súa saúde. Daquela decidiu investigar as mellores técnicas e ferramentas de liderado e motivación persoal, desde as teorías máis avanzadas do *management* á vella sabedoría oriental, cun único obxectivo: axudar a persoas, equipos e empresas a conseguir os seus retos.

Inspiradora e motivacional, a conferencia “Sal do paro xa!” estimulará o positivismo, potenciará a perseveranza nas persoas, e proporcionará aos asistentes as claves para buscar emprego de xeito efectivo, preparar unha entrevista de traballo ou enfrontarse a pequenos detalles nun día a día sen ter traballo.

A xornada rematará coa mesa redonda “Cinco recomendacións para a busca de emprego”, onde responsables de RRHH de diferentes empresas dialogarán cos asistentes sobre os criterios que usan na procura dun candidato, os perfís máis buscados ou os aspectos e actitudes que máis valoran nos seus equipos de traballo, para rematar transmitíndolles cinco consellos na súa busca de emprego.

O EMPRENDEMENTO E AS FRANQUÍAS CENTRARÁN A XORNADA DO XOVES 26

O responsable do IGAPE na zona Sur, Miguel Fidalgo, presentará a Unidade Galicia Emprende, unha iniciativa para axilizar a posta en marcha de novas empresas e, a continuación, responsables do equipo de Arach, unha consultora de recursos humanos con acreditada experiencia na identificación e selección de talentos, achegará unha clara visión do que buscan as súas empresas clientas á hora de seleccionar os seus futuros colaboradores. Así mesmo, farán unha revisión das principais fases e técnicas dunha selección por competencias profesionais e abordarán temas como a definición dun perfil, o desenvolvemento dunha entrevista (o autocoñecemento), probas e cuestionarios (*Assessment Center*), axuste persoa-posto, a actitude ante un proceso de selección...

Para concluír a sesión matutina, e tras a presentación do Programa de Formación para Novos Profesionais de Repsol que busca máis de 100 mozos recién titulados para formar parte do seu equipo, desenvolverase unha mesa redonda sobre o mercado laboral, os perfís profesionais máis buscados, as especialidades con máis ofertas e as tendencias cara ao futuro.

En horario de tarde, terá lugar a conferencia “Teño unha idea de negocio e agora, como podo financeira?”, na que a consultora Teresa Mariño explicará as axudas públicas e privadas existentes; Juan Manuel Cividades, director de XesGalicia, Pelayo Novoa, de BDO Spain, e Gonzalo Garre, experto en comunicación e mercadotecnia dixital, amosarán outros tipos de financiamento alternativo en tempos de crise como son o capital risco, os *business angels* e o *crowdfunding* respectivamente. E por último, como exemplo real e local de que acadar inversores é posible, Luis Taboada, socio de Qubitia Solutions, presentará esta *start up* gañadora da edición 2013 do Premio Emprendedor XXI en Galicia.

Nacho Cabaleiro, director de Marko Franquicias, porá o colofón ao programa cunha mesa redonda titulada “*Todo o que sempre quixen saber sobre a franquía e nunca me atrevín a preguntar*” na que estará acompañado de Francisco Abalde, socio de Auren Abogados, e Antonio Hernández director comercial de Color Plus, unha firma que tras acadar o éxito nos seus negocios, se atopa en pleno proceso de expansión.



Segundo o Informe da Franquía en España 2014 realizado pola Asociación Española de Franquiadores, cada vez son máis os emprendedores que apostan por este sistema como fórmula de autoemprego. Das 1.087 redes que integran actualmente o sistema de franquías en España, Galicia representa a quinta comunidade autónoma que conta cun maior número de centrais franquificadoras: Madrid (290), Cataluña (277), Comunidade Valenciana (124); Andalucía (111) e Galicia (41). Pero, que pasos debo seguir para elixir unha franquía? Que aspectos debo ter en conta á hora de asinar o contrato de franquía? Son franquiciables todos os negocios? Que son as franquías *low cost*? Funcionan?



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

CONCELLARÍA DE
PROMOCIÓN ECONÓMICA
EMPREGO E TURISMO



Unión Europea
Fondo Social Europeo
"El FSE invierte en tu futuro"



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE HACIENDA
Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

Obradoiros de mellora da empregabilidade

Aprender a redactar un currículo de impacto, buscar emprego a través das ferramentas 2.0, potenciar as capacidades individuais nunha entrevista de selección, practicar distintas probas nun proceso de selección, descubrir as claves para exprimir a rede profesional

LinkedIn ao máximo, ou coñecer os pasos e as axudas para crear unha cooperativa son algúns dos contidos que abordarán os obradoiros de **PONTEEMPREGO** para mellorar a empregabilidade dos asistentes.

1 Aprende a redactar un currículo de impacto 10 sesións. 25 persoas por quenda

O currículo é a ferramenta que fai que seleccionadores, recrutadores e *headhunters* te chamen a unha entrevista. Existe moita información sobre como elaboralo, pero ás veces non queda claro como aplicala de forma beneficiosa. O certo é que debe ser un documento personalizado que mostre o mellor dun como profesional, pois non deixa de ser un documento de venda. Un CV de Alto Impacto mellorará a nosa imaxe como candidato e as nosas posibilidades de conseguir unha entrevista.

Sabina Serrano, orientadora de emprego e administradora do blog *mejorartucv.com*, dará as pautas do que busca un seleccionador, o que é importante e o que non é, sobre todo, como se debe redactar a información. Cada palabra conta para mellorar as nosas posibilidades de ser a persoa elixida para o posto.

Mércores 25 e
Xoves 26

De 10 a 11 h
De 11 a 12 h
De 12 a 13 h
De 17 a 18 h
De 18 a 19 h

2 Buscando emprego coas novas canles de comunicación 10 sesións. 25 persoas por quenda

A aparición da web 2.0. mudou o xeito de interaccionar cos contidos, pasando a un ámbito máis dinámico e interactivo: os *social media*. Estar presente na rede e dispoñer dunha boa marca persoal é hoxe unha ferramenta imprescindible para axudarnos no noso desenvolvemento profesional. Luz Pérez Costas, *community manager* e publicitaria, mostrará as ferramentas 2.0 máis empregadas para a busca de traballo: portais de emprego, redes sociais xenéricas (Facebook ou Twitter), redes sociais profesionais (LinkedIn, Xing ou Viadeo), blogs, videocurrículo...

Mércores 25 e
Xoves 26

De 10 a 11 h
De 11 a 12 h
De 12 a 13 h
De 17 a 18 h
De 18 a 19 h

3 Claves para exprimir LinkedIn ao máximo 6 sesións. 30 persoas por quenda

Impartido pola orientadora profesional e *coach* executivo Raquel Pedrouso, os asistentes a este taller coñecerán o potencial de LinkedIn como ferramenta de traballo, aprenderán a crear un perfil gañador na rede profesional máis grande do mundo e descubrirán algúns trucos e aspectos de carácter máis tecnolóxico para destacar e ter éxito na rede.

Mércores 25

De 10 a 11.30 h
De 12 a 13.30 h
De 18.30 a 20 h

Xoves 26

De 10 a 11.30 h
De 12 a 13.30 h
De 17 a 18.30 h



4 Como podo potenciar as miñas capacidades nunha entrevista de selección?

6 sesións. 25 persoas por quenda

Cal debe ser o meu obxectivo á hora de realizar unha entrevista de selección? Con que actitude debo afrontar a entrevista? Que aspectos debo ter en conta antes, durante e despois da entrevista? Un experto en selección de persoal e recrutamento de Idae Consultores orientará os participantes sobre as técnicas para superar as entrevistas, tipos de preguntas que formula o entrevistador, erros a evitar... En definitiva, axudaraos a adquirir as habilidades e destrezas necesarias para sacar o mellor de si mesmos e superar con éxito a temible entrevista de traballo.

Mércores 25 e
Xoves 26

De 10 a 11 h
De 12 a 13 h
De 17 a 18 h

5 Coñece e practica as distintas probas nun proceso de selección (test de aptitudes e de personalidade)

2 sesións. 15 persoas por quenda

Unha psicóloga de traballo especializada en selección de persoal de Idae Consultores desenvolverá este taller que ten como principal obxectivo coñecer as distintas probas de selección que habitualmente se realizan nun proceso de entrevista de traballo. Os asistentes poderán realizar de forma práctica distintos test psicolóxicos para medir habilidades e aspectos da nosa personalidade que máis inflúen na futura adaptación á empresa e ao rendemento.

Mércores 25 e
Xoves 26

De 10 a 12.30 h

6 Creación dunha cooperativa: pasos e axudas

2 sesións. 25 persoas por quenda

Este curso, impartido por un docente da Rede Eusumo, ofrecerá información para a posta en marcha dunha cooperativa, así como os incentivos e axudas públicas existentes co obxecto de contribuír á creación ou mantemento de postos de traballo con base na economía social.

Mércores 25

De 18 a 19 h

Xoves 26

De 11 a 12 h

7 Unha nova mirada ao mercado laboral. Cultura colaborativa e traballo en rede

1 sesión. 25 persoas

As xestoras e algúns dos *coworkers* do Espacio Arroelo Coworking falarán das súas experiencias para tratar de amosar os cambios no mercado laboral, facendo da nova realidade unha oportunidade na que a colaboración e o traballo en rede son competencias profesionais dos novos perfís laborais.

Xoves 26

De 18.30 a 19.30 h

8 Os efectos da reforma laboral sobre os dereitos das persoas traballadoras

1 sesión. 25 persoas

Mércores 25

De 11 a 12 h

Novidades obradoiros



PONTE-TIPANDO

8 horas de pensamento creativo na procura de oportunidades

1 sesión de 8 horas. 25 persoas

O Espacio Arroelo Coworking de Pontevedra, en colaboración con Raquel Pedrouso, Diego Parajó de Xeneme Proxectos Sociais, e Roberto Pérez Marijuán e Juan José Romero Crusat de Suma Importancia, desenvolverán este encontro que ten como obxectivo principal potenciar a capacidade creativa para a resolución dun reto común, aplicando para iso ferramentas e metodoloxías baseadas no *coaching* ou no *design thinking*, enfocadas a fomentar a innovación nas organizacións dunha forma divertida, motivadora e estimulante. Os participantes poderán traer os seus PCs, *tablets* ou similares; non hai límite de idade nin se restrinxe a un ámbito profesional específico.

A actividade organizarase nunha xornada estruturada nas seguintes fases: Quentando motores; Isto de qué vai e ti de quen ves sendo?; Gastas grupo?; Toca darlle á cachola; Xa tardaba a comida; Quen dixo sesta?; Prototipamos, que vai tocando; E o gañador é...

Mércores 25

De 10 a 18.30 h
Descanso
para un refrixerio
(todos os parti-
pantes xuntos)



Onde estarás dentro dun ano? E dentro de tres?

4 sesións. 15 persoas por quenda

A psicóloga e *coach* executivo Elena Daprà impartirá o outro obradoiro que axudará aos asistentes a que visualicen que queren facer coas súas vidas e como queren que sexa o camiño ao que dirixirse para mellorar a súa busca de oportunidades laborais.

Todos levamos un gran potencial como seres humanos. Só fai falta crer en nós mesmos. Establecer puntos concretos aos que chegar. Estes puntos colócanos nun espazo novo onde a motivación e o compromiso nos mobilizan á acción e deixan paso á mellor versión de nós mesmos.

Mércores 25

De 10 a 12 h
De 17 a 19 h

Xoves 26

De 10 a 12 h
De 17 a 19 h



Curso de manipulador de alimentos

2 sesións. 20 persoas por quenda

Impartido por Anias formación e xestión sociocultural.

Mércores 25

e xoves 26

De 16 a 20 h

Bolsa de Contratación



PONTEEMPREGO constitúe un punto de encontro entre diferentes propostas empresariais, iniciativas emprendedoras e persoas en busca activa de emprego para comunicarse, debater, achegar as súas ideas máis polo miúdo, atopar talento, inspiración e apoio, xerar sinerxías, favorecer contactos e colaboracións...

Asesorar e formar na busca de emprego, impulsar o emprendemento e facilitar a intermediación e a colocación laboral son os piares da feira, e os grandes eixes sobre os que se artellan todas as actividades.

Un ano máis, contaremos coa Bolsa de Contratación, un recurso consolidado e de gran valor para aquelas persoas que desexan incorporarse ao mundo do traballo ou mellorar as súas condicións actuais de emprego.

Neste Boletín Especial PonteEmprego que estades a ler aparecen publicadas todas as ofertas de traballo que compoñen esta Bolsa. Trátase dunha ampla relación de ofertas de traballo nas que os perfís dos candidatos abranguen dende os relacionados coa industria, ata a hostalaría ou os servizos, incluso postos de alta cualificación. Aquí se detallan os requisitos, as condicións e o correo electrónico ao que debedes enviar o voso currículo.

Unha vez comprobado a idoneidade das persoas candidatas ao perfil requirido, as empresas comunicaranse directamente con elas para concertar unha entrevista de selección. Lembramos, unha vez máis, que na feira non se recollen currículos.

OFERTAS DE EMPREGO PRIVADO

AUXILIAR CARNICERÍA, CHARCUTERÍA E PEIXERÍA

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Carrefour
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Graduado/ESO con certificación (Requisito imprescindible). Maior de 18 anos. Dispoñibilidade /flexibilidade horaria. Coñecemento do produto fresco. Boas habilidades de comunicación. Experiencia previa en posto similar. Alta orientación ó cliente (Imprescindible). Bo traballo en equipo. Boa orientación a resultados
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a ponteemprego.carrefour@gmail.com

AUXILIAR DE CAIXAS/REPOSICIÓN

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Carrefour
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Graduado/ESO con certificación (Requisito imprescindible). Maior de 18 anos. Dispoñibilidade/flexibilidade horaria. Boas habilidades de comunicación. Experiencia previa en posto similar. Alta orientación ó cliente (Imprescindible). Bo traballo en equipo. Boa orientación a resultados
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a ponteemprego.carrefour@gmail.com

LIMPADORES/AS DE ATÚN

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: ADER Recursos Humanos
Localidade: Salnés
Requisitos: Experiencia en limpeza de túnidos. Carné de manipulador/a de alimentos
Condições: Contrato por obra. Salario segundo convenio. Dispoñibilidade para traballar a quendas
Contacto: T. 986 56 50 96. Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a seleccion.villagarcia@ader.net

MATARIFES

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: ADER Recursos Humanos
Localidade: Vilagarcía de Arousa
Requisitos: Experiencia en despece cárnico. Carné manipulador/a alimentos
Condições: Contrato por obra. Salario segundo convenio. Dispoñibilidade para traballar a quendas
Contacto: T. 986 56 50 96. Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a seleccion.villagarcia@ader.net

AUXILIARES FÁBRICA DE CONXELADOS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: ADER Recursos Humanos
Localidade: Vilagarcía de Arousa
Requisitos: Experiencia en conxelado de peixes e cefalópodos (glaseado, envasado, paletizado...). Experiencia en traballos de liña de produción. Carné de manipulador/a alimentos
Condições: Contrato por obra. Salario segundo convenio. Dispoñibilidade para traballar a quendas
Contacto: T. 986 56 50 96. Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a seleccion.villagarcia@ader.net

OPERARIOS/AS CONSERVAS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: ADER Recursos Humanos
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Experiencia previa como operario/a e conservas en tarefas de limpeza de pescado, empacado, enlatado, etc. Requírese experiencia en sardina ou sardinilla, limpeza de atún, limpeza e selección de mexilón, etc. Carné de conducir e vehículo propio. Carné de manipulador/a de alimentos
Condições: Contrato en réxime xeral da seguridade social. Salario fixo segundo convenio
Contacto: T. 986 43 95 71. Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a seleccion.vigo@ader.net

DELINEANTE/A ADXUNTO/A DPTO. COMPRAS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Eulen Flexiplan
Localidade: Porriño
Requisitos: Titulación a nivel FP II en metal, delineación ou enxeñaría técnica industrial. Experiencia no manexo de ferramentas informática do ámbito da oficina técnica. Imprescindible bilingüe inglés ou francés
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a aares.flexiplan@eulen.com

SOLDADORES/AS MIG/MAG E TIG, PLEGADORES/AS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Eulen Flexiplan
Localidade: Vigo/ Porriño
Requisitos: Imprescindible Ciclo superior en fabricación mecánica, soldadura ou titulación equivalente
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a aares.flexiplan@eulen.com

OPERARIOS/AS DE MÁQUINA DE SERRA DE PEIXE

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Eulen Flexiplan
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Imprescindible experiencia e formación nun posto similar ao ofertado. Necesario carné de manipulador de alimentos
Condições: Contrato a xornada completa en quendas rotativas de mañá e tarde
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a aares.flexiplan@eulen.com

OPERARIO/A DE LIMPEZA

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Camping Tirán
Localidade: Moaña
Condições: Xornada completa. Temporada de verán
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a mail@campingtiran.es

OPERARIO/A DE PRECOCIÑADOS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Grupo Nortempo
Localidade: Vilagarcía
Requisitos: Experiencia mínima dun ano en fábrica de precociñados. Dispoñibilidade inmediata e para traballar días soltos. Residencia en Vilagarcía ou arredores
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a villagarcia@nortempo.com

OPERARIOS/AS DE AUTOMOCIÓN

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Iman Temporing
Localidade: Zona de Vigo
Requisitos: Mínimo 1 ano de experiencia. Dispoñibilidade horaria
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a cffernandez@imancorp.es cserramito@imancorp.es

OPERARIOS/AS DE FÁBRICAS DE CONSERVAS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Synergie
Localidade: Vigo e Pontevedra
Requisitos: Carné de manipulador/a de alimentos, experiencia recente en fábricas de conservas e dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de mañá e tarde
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a agomez@synergie.es

OPERARIOS/AS DE ALMACÉN E CÁMARAS FRIGORÍFICAS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Grupo Ingapan
Localidade: Lugo
Requisitos: Imprescindible permiso para uso de carretillas elevadoras
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a recursoshumanos@ingapan.com

OPERARIOS/AS DE MANTENIMENTO

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Grupo Ingapan
Localidade: Lugo
Descrición: Operarios/as para tarefas de mantemento
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a recursoshumanos@ingapan.com

OPERARIOS/AS DE SECTOR CONXELADOS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Synergie
Localidade: Pontevedra
Descrición: Limpeza de pescado, principalmente calamar, e demais tarefas de operario/a en empresa de procesado de pescado conxelado
Requisitos: Carné de manipulador/a de alimentos, dispoñibilidade horaria para traballar en quendas rotativas de mañá e tarde e experiencia en empresas do sector
Condicións: Contrato por obra ou servizo
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a cespino@synergie.es

COCIÑEIRO/A

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Hotel Corona de Galicia
Localidade: Valga
Requisitos: Requírese experiencia en realización de menús, formación en cociña e valorarase que traballara en restaurantes con buffet.
Condicións: Xornada completa
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a rafa@coronagalicia.com

CAMAREIROS/AS PARA CAFETERÍA-PANADERÍA

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Grupo Nortempo
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Residencia na cidade de Pontevedra. Dispoñibilidade inmediata e flexibilidade de horarios. Experiencia como camareiro/a
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a adminporrino@nortempo.com

OPERARIOS/AS DE FÁBRICA

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Grupo Ingapan
Localidade: Lugo
Descrición: Operarios/as de fábrica (panadeiros/as ou pasteiros/as)
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a recursoshumanos@ingapan.com

PEÓNS/AS PARA VENDIMA

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Synergie
Localidade: Baixo Miño (Tomiño, O Rosal, Salvaterra) e Salnés (Cambados/Vilanova)
Descrición: Persoal para a campaña da recollida da uva
Requisitos: Experiencia previa en vendima
Contacto: Enviar CV A/A María Seoane indicando Ref. PONTEemprego a mseoane@synergie.es

CONDUTOR/A AUTOBÚS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Grupo Nortempo
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Experiencia. Residencia en Pontevedra
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a villagarcia@nortempo.com

CARPINTEIRO/A- MONTADOR/A DE ESTRUTURAS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: US Eventos
Localidade: Galicia
Descrición: Fabricación e montaxe de estruturas, principalmente de madeira para o seu uso en feiras, congresos e exposicións
Requisitos: Experiencia mínima de 3 anos en posto similar e en empresas deste sector en concreto. Permiso de conducir B
Condicións: Contrato por obra ou servizo
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a info@useventos.com

CARRETILLEIROS/AS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: ADER Recursos Humanos
Localidade: Vilagarcía de Arousa
Descrición: Salnés
Requisitos: Con experiencia no uso de carretilla frontal e retráctil. Carné de carretilla
Condicións: Contrato por obra. Salario segundo convenio. Dispoñibilidade para traballar a quendas
Contacto: T. 986 56 50 96. Enviar CV con Ref. PONTEemprego a seleccion.villagarcia@ader.net

TECEDOR/A MÁQUINA AUTOMÁTICA

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Grupo Alliance para empresa de sector téxtil
Localidade: Vigo
Requisitos: Experiencia no uso da máquina automática de tecer (valorable rectilínea STOLL)
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a seleccionvigo@grupoalliance.com

TORNEIRO/A -FRESADOR/A

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Grupo Nortempo
Localidade: Vilagarcía
Requisitos: Experiencia en CNC
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a villagarcia@nortempo.com

SOLDADORES/AS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Iman Temporing
Localidade: Zona de Vigo
Requisitos: Soldadura Tig, soldadura Mig-Mag, soldadura con electrodo, soldadura con fio. Imprescindible dispoñibilidade horaria para traballar a quendas, horas extras e fins de semana. Valorable homologación
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a cffernandez@imancorp.es cserramito@imancorp.es

ACOMPAÑANTE DE TRANSPORTE ADAPTADO

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Grupo Nortempo
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Experiencia previa no posto. Dispoñibilidade horaria total. Dispoñibilidade para traballar por horas. Imprescindible residencia en Pontevedra
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a villagarcia@nortempo.com

DEPENDENTE/A

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Brétima Artesanía
Localidade: Combarro (Poio)
Descrición: Venda de artesanía e agasallos
Requisitos: Experiencia previa en posto similar, facilidade de palabra, vehículo propio e dispoñibilidade (valorarase o coñecemento doutras linguas)
Condicións: Xornada completa. Horario partido, contrato temporal
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a anxogradiez@hotmail.com

DEPENDENTE/A TENDA TELEFONÍA

Publicada: Proxecto ILES 11/05/2014
Empresa: ADER Recursos Humanos para unha tenda de telefonía
Localidade: Vigo
Descrición: Asesoramento comercial en produtos de telefonía, cumprindo cos obxectivos comerciais da tenda. Venda de produtos, atención ao cliente, control de stock, tramitación de altas/baixas e en xeral, realizar calquera tarefa administrativa relacionada coas vendas de produtos de telefonía
Requisitos: Desexable experiencia previa como comercial ou dependente/a en tendas de telefonía. Dispoñibilidade para traballar a quenda partida
Condicións: Contrato en réxime xeral da seguridade social. Salario fixo e incentivos por cumprimento de obxectivos
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a seleccion.vigo@ader.net

RECEPCIONISTA

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Hotel Corona de Galicia
Localidade: Valga
Requisitos: Experiencia de traballo en axencias de viaxes, idiomas ,ou experiencia en postos similares
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a rafa@coronasgalicia.com

2 ASESORES/AS COMERCIAIS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Fe Seguros
Localidade: Vigo
Descrición: Comercializarán produto no sector de seguros persoais
Requisitos: Persoas con interese polas vendas, ambiciosas, optimistas, perseverantes e con facilidade para comunicar e influír
Condicións: Xornada completa con flexibilidade horaria
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a rrhh@fe-seguros.com

COMERCIAL SECTOR TEXTIL

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Grupo Alliance para empresa de sector textil
Localidade: Vigo
Requisitos: Estudos universitarios, valorable enxeñería. Experiencia en vendas. Boa presenza. Carné de conducir. Boa capacidade de comunicación e organización
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a seleccionvigo@grupoalliance.com

TELEOPERADOR/A

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: ADER Recursos Humanos
Localidade: Pontevedra
Descrición: As tarefas a realizar son a atención de pedidos dos clientes da empresa usuaria
Requisitos: Desexable experiencia previa en televenda. Carné de conducir e vehículo propio. Total dispoñibilidade horaria
Condicións: Contrato a tempo parcial, con dispoñibilidade de luns a sábado. Salario segundo convenio
Contacto: T. 986 56 50 96. Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a seleccion.villagarcia@ader.net

4 COMERCIAIS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Sector aluminio
Localidade: Padrón con mobilidade xeográfica
Descrición: Atención ao cliente, mantemento contas e captación clientes
Requisitos: Bacharelato. Dominio do inglés e coñecemento doutro idioma, preferiblemente francés ou alemán. Menor de 30 anos. Persoa dinámica, proactiva, moi comercial. Permiso de conducir
Condicións: Contrato dun ano con xornada laboral do 75% e un 25% de formación. Contrato de formación e aprendizaxe
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a agenciacolocacion@quelqum.com

6 COMERCIAIS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Diversos sectores
Localidade: Galicia
Descrición: Atención ao cliente, mantemento contas e captación clientes
Requisitos: Bacharelato. Menor de 30 anos. Persoa dinámica, proactiva, moi comercial. Permiso de conducir
Condicións: Contrato dun ano con xornada laboral do 75% e un 25% de formación. Contrato de formación e aprendizaxe
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a agenciacolocacion@quelqum.com

COMERCIAL DE CONSULTORÍA

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Experiencia mínima de tres anos en posto similar
Condicións: Retribución segundo convenio. Contrato indefinido
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a redes@zonadenegocios.es

TELEOPERADORES/AS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Grupo Nortempo
Localidade: Vigo
Descrición: Teleoperadores/as de venda fría
Requisitos: Experiencia e postos de telemarketing. Dispoñibilidade para traballar a media xornada en quenda de tarde o mañá. Facilitade de palabra e orientación a resultados
Condicións: Media xornada
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a adminporrino@nortempo.com

5 XESTORES/AS TELEFÓNICOS/AS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Abante BPO
Localidade: Lugo
Descrición: Xestores/as para soporte técnico para empresa de hosting
Requisitos: Formación profesional grao medio informática. Coñecementos necesarios Joomla, Linux, Word Press. Programación web, incluíndo PHP, ASP, ASP.NET, MySQL e MSSQL
Condicións: Xornada laboral completa. Contrato 4 meses por obra
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a candidatos@abantebpo.com

COMERCIAL

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: ADER Recursos Humanos para empresa sector telecomunicacións
Localidade: Pontevedra/Vigo
Descrición: Captación de clientes pemes
Requisitos: Desexable experiencia previa como comercial. Carné de conducir e vehículo propio. Total dispoñibilidade horaria
Condicións: Contrato en réxime xeral da seguridade social. Salario fixo segundo convenio e incentivos por cumprimento de obxectivos
Contacto: T. 986 43 95 71. Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a seleccion.vigo@ader.net

TÉCNICO/A DISEÑO WEB- TELEOPERADOR/A

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Abante BPO
Localidade: Lugo
Descrición: Teleoperadores/as para deseño web
Requisitos: Coñecementos técnicos. Coñecementos deseño web. Dotes de comunicación, redacción de contidos
Condicións: Xornada laboral completa. Contrato 4 meses por obra
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a candidatos@abantebpo.com

TELEOPERADORES/AS VENDA E FIDELIZACIÓN

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Iman Temporing
Localidade: Zona de Vigo
Requisitos: Dispoñibilidade horaria, habilidades comerciais, manexo de mecanografía
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a cfernandez@imancorp.es cserramito@imancorp.es

SERVIZO TÉCNICO / HELP DESK

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Iman Temporing
Localidade: Zona de Vigo
Descrición: Postos de servizo técnico/help desk en call centers relacionados co sector das telecomunicacións
Requisitos: Coñecemento en redes, habilidades comerciais, dispoñibilidade horaria
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a cfernandez@imancorp.es cserramito@imancorp.es

5 ASESORES COMERCIAL PEMES E RESIDENCIAL

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Pontus Veteris Consulting
Localidade: Pontevedra, Caldas, Sanxenxo, Vilagarcía
Descrición: Visitar pemes, autónomos e residencial. Porta fría por zonas para aumentar carteira de clientes ofrecendo asesoramento enerxético e telefónico para aforro de custos
Requisitos: Idade 18-35 anos, don de xentes, afeito/a traballar por obxectivos e porta fría. Experiencia en vendas
Condicións: Xornada completa, zona a elixir, formación a cargo da empresa
Contacto: Enviar CV a Antonio Varela indicando Ref. PONTEemprego a pontusveterisconsulting@gmail.com rrhhfarmafit@gmail.com

JUNIOR SALES MANAGER

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Sector distribución
Localidade: A Coruña
Descrición: Xefe/a de vendas encargándose da selección de persoal e implementación conceptos da empresa
Requisitos: Estudos universitarios superiores ou diplomatura con MBA. Mobilidade xeográfica e carné de conducir. Desexable coñecementos básicos de alemán. Imprescindible nivel alto de inglés. Iniciativa, proactividade, orientación ó cliente
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a cizuel@talentsearchpeople.com

DELEGADO/A COMERCIAL SECTOR HORECA

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Sector bebidas
Localidade: Galicia Sur
Descrición: Xestión da rede de distribuidores horeca asignados á súa zona. Formación, xestión e desenvolvemento dos equipos de venda dos distribuidores de zona. Presentar e realizar o seguimento das actividades promocionais e de trade marketing nos distribuidores para obter o máximo beneficio en vendas
Requisitos: Estudos mínimos de bacharelato ou FP II. 3 anos de experiencia realizando tarefas comerciais no canal gran consumo ou similar
Condicións: Xornada completa
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a lsanchez@talentsearchpeople.com

AXENTE PROFESIONAL

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: MAPFRE
Localidade: Pontevedra e provincia
Requisitos: Nivel cultural medio - alto. Experiencia comercial. Persoa dinámica, bo nivel de relación, facilidade de comunicación, seria e rigurosa. Carácter emprendedor
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a jrialpe@mapfre.com

2 ASESORES/AS COMERCIAIS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Xhero Consulting
Localidade: Vigo
Descrición: Xestionar e comercializar produtos e servizos, asesorando empresas
Requisitos: Persoas proactivas e con dotes de comunicación. Valorase experiencia en vendas
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a direccion@xheroconsulting.com

TELEOPERADORES/AS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Synergie
Descrición: Persoal para venda telefónica de produtos de comunicacións (ADSL, móvil, etc)
Requisitos: Experiencia previa en venda tanto por teléfono como comercial rúa
Condicións: Xornadas entre 35 a 20 horas semanais en quendas de tarde
Contacto: Enviar CV A/a Almudena Alonso indicando Ref. PONTEemprego a aalonso@synergie.es

COMERCIAL

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Grupo Ingapan
Localidade: Nacional
Requisitos: Perfil comercial tanto a nivel nacional como a nivel internacional para o departamento de exportación
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a recursoshumanos@ingapan.com

4 DOCENTES CURSO AFD FAMILIA PROFESIONAL: SERVICIOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Fundación de Estudios e Análises
Localidade: Santiago de Compostela
Descrición: Docente curso de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e Atención sociosanitaria a persoas no domicilio
Requisitos: Posuír unha licenciatura, diplomatura, un ciclo superior ou un certificado de profesionalidade de nivel 3 na familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade ou na familia profesional de hostalaría e turismo, na área de hostalaría. Necesario un ano de experiencia laboral no ámbito das institucións e no servizo a domicilio e ou CAP ou equivalente
Contacto: Enviar CV indicando a Ref. PONTEemprego a info@fesan.org ou ben inscribirse en www.fesan.org



5 PROFESORES/AS DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DESENVOLVEMENTO COGNITIVO

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Nenoos
Localidade: Vigo, Pontevedra e A Estrada
Descrición: Profesor/a extraescolar para o desenvolvemento cognitivo de nenos/as entre 3 e 12 anos combinando o uso do ábaco Soroban e Brain Gym
Requisitos: Psicólogos/as, psicopedagogos/as e licenciaturas en ciencias con CAP. Valorarase moi positivamente contar coa titulación de director/a ou monitor/a de tempo libre. Carné de conducir e vehículo propio. Imprescindible residir en Galicia. Profesionais involucrados/as, proactivos/as e dinámicos/as con paixón polo ensino e as matemáticas. Incorporación en setembro
Condicións: Xornada parcial. Horario tarde
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego rrhh@nenoos.es

MONITORES/AS DE INGLÉS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Anias formación e xestión sociocultural
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Licenciatura / diplomatura en inglés con experiencia na área de tempo libre con cativos. Valorarase estancia no estranxeiro
Condicións: Meses de xullo e agosto en horario de mañá
Contacto: Enviar CV (A/a.Ana) indicando Ref. PONTEemprego a anias@anias.es

MONITORES/AS DE TEMPO LIBRE

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Anias formación e xestión sociocultural
Localidade: Pontevedra
Requisitos: Monitor/a de tempo libre. Valorarase formación e experiencia no traballo con nenos/as con NEAE e NEE
Condicións: Meses de xullo e agosto en horario de mañá
Contacto: Enviar CV (A/a.Ana) indicando Ref. PONTEemprego a anias@anias.es

5 MONITORES/AS DE OCIO E TEMPO LIBRE

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: BM Educación
Localidade: Vigo
Descrición: Para campamentos urbanos nos meses de verano
Requisitos: Título de Monitor/a de Ocio e Tempo Libre
Contacto: Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego a educacion@bmformacion.es

MONITOR/A DE MONTAXE E MANTEMENTO DE ENERXÍA SOLAR TÉRMICA

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Forga
Localidade: Ponte Caldelas
Requisitos: Cumprir cos criterios para impartir certificados profesionalidade
Condicións: Contrato laboral dende o 16 de xuño ó 28 de novembro
Contacto: T. 986 76 10 10. Enviar CV indicando Ref. PONTEemprego ct.pontevedra@forga.org

TITOR/A-FORMADOR/A NA ÁREA DE INFORMÁTICA E/OU TELECOMUNICACIÓNS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Aulatel
Localidade: Vigo
Descrición: Tarefas de titor/a acompañando aos procesos formativos dos alumnos/as. Realizar tarefas de formador/a nas áreas de formación específicas. Realizar tarefas de programación: Plataforma de Teleformación; Páxina Web; ERP.
Requisitos: Enxeñeiro/a en Informática (preferiblemente especialidades de Software para Web, Administración de Sistemas Informáticos, Informática Pluridisciplinar) ou Enxeñeiro/a de Telecomunicacións (preferiblemente especialidades de Telemática ou de Xestión, Innovación e Negocio TIC). Imprescindible CAP ou equivalente. Experiencia: valorarase experiencia en formación e/ou programación
Condicións: Xornada completa. Tipo de contrato: por obra
Contacto: Enviar CV con fotografía recente Ref. PONTEemprego a aulatel@aulatel.es

DOCENTE MÓDULO XESTIÓN ADMINISTRATIVA DE RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Academia Postal
Localidade: Ferrol
Requisitos: Titulación: unha das seguintes: Licenciado/a en Ciencias do Traballo, Licenciado/a en ADE, Licenciado en Dereito, Licenciado/a en Ciencias Políticas e da Administración, Diplomado/a en Relacións Laborais. Acreditar experiencia profesional de 2 anos. CAP. Celga 4. Acreditar experiencia laboral no sector con copia contratos de traballo, ou certificacións da empresa. Persoas autónomas: aportar documentación de profesional autónomo/a Dispoñibilidade para viaxar
Contacto: Enviar CV con Ref. PONTEemprego a empleo@academiapostal3.es

DOCENTE DE COCIÑA

Publicada: Proxecto ILES 11/06/2014
Empresa: Gadepro Formación y Consultoría
